



Título: *Alas Negras*
Autor: Miguel Ángel Otero
Editorial: Algaida, Sevilla, 2002
Núm. pp.: 142
Tamaño: 17,5 x 11

Alas Negras, XXI Premio de Narración Cortas Felipe Trigo, fálanos dun esmorecente maquis na comarca do Bierzo na figura do seu personaxe central, Manuel, ó longo dun periplo cuxo recordo comeza o día da súa volta á casa, tras quince anos de dedicación á loita guerrilleira. O autor rescata do esquecemento un treito significativo e actualízao, para renderlles unha homenaxe ós valores de xustiza, liberdade e idealismo que, a pesar da derrota, seguen vixentes na reflexión do protagonista, ben como certeza, ben como culpa.

O relato preséntase artellado formalmente en tres partes: "El regreso", "Cibeles" e "La búsqueda", que se corresponden con tres motores básicos da acción narrativa e tres esferas de significación. Pero a aparente sinxeleza estrutural axiña revela unha complexidade construtiva que, á marxe da división externa, vén tecida pola man dos personaxes, polifonía de voces que se erixen en actantes do proceso narrativo. Manuel, Damián, Au-

rora, Cibeles e Fernando degrañan no seu discurso interior as súas historias e salfiren o relato de odios, medos e anxeios inherentes á condición humana.

Un estudo pormenorizado daría conta de todos os aspectos constitutivos do relato. Aquí imos salientar os que, pola súa relevancia funcional, adquiren especial valor: os personaxes e o universo simbólico da narración.

Manuel abre a historia ó tempo que inicia a súa viaxe de regreso á casa. A xornada que emprende actualízase para o lector, que asiste a un presente inmediato que leva impreso un carácter de urxencia e cautela. A natureza que o rodea é, ademais do escenario do percorrido, a canle que permite a conexión entre o presente e o pasado. O movemento translocal vai acompañado dunha dislocación temporal. Trátase dunha natureza esencializada, omnipresente e de gran poder evocador: suscita o recordo por medio de continuos *flash-back* e, a partir desa lembranza, a

nova actuación. Deste xeito, Manuel vai facendo balance dos anos de activismo e recupera para o lector figuras de compañeiros xa mortos, con calidades humanas que os identifican con árbores: Matías (sabugueiro), Nemesio (olmo), Onésimo (castiñeiro)... Na súa soidade a natureza convértese a miúdo no seu único interlocutor, e cobre o seu ámbito de referencias. Avanza a acción e, paralelamente, o ton do recordo faise máis íntimo: Cibebes, a obsesión, a paixón febril, o feitizo; Aurora, a culpa, a traizón, pero tamén o perdón, o abeiro, o fogar ó que volve na procura do soño dun fuxitivo sen nome: unha vida nova nun mundo novo.

Damián, fillo resultado da breve relación de Manuel con Cibebes, é criado por Aurora, a única nai que coñece. Antítese do convencional, desenvólvese nun medio hostil e opta por un mundo agreste no que se sente cómodo. Marxinado pola súa natureza salvaxe, dialoga cun *alter ego* interior que ás veces guía a súa conducta. É o personaxe trágico do relato. Ó xeito de Edipo, a súa actuación parece predeterminada por un destino fatal —recordemos que, como un oráculo, escoita unha voz que lle advirte: "Matarás a aquel a quien amas, susurraba una voz lejana y antigua" (p. 22)—; errático, móvese por dúas pulsións básicas: a ira e a caza de Alas Negras, a súa particular Quimera. A súa esfera de comunicación é a propia natureza, e reproduce comportamentos atávicos no día a día. Nesa busca que emprende como forma de autoafirmación e recoñecemento, a ironía trágica quere que sexa el, o fillo ignorado polo pai, o artífice da traxedia, e

que non haxa unha anagnórise esclarecedora que resolva o conflito.

Dominada pola amargura do abandono e pola ultraxe da infidelidade, Aurora é o único personaxe que non busca nin agarda nada, ancorada nunha espera inútil como unha réplica desesperanzada de Penélope. No seu quefacer diario é o rancor o que a sostén.

Ana Valcarce asume no relato a función de personaxe máxico e poderoso; adopta o nome e as atribucións de Cibebes, divindade oriúnda de Asia Menor e asimilada pola cultura grega. Deusa da natureza e da fecundidade, orixe de todas as cousas, goberna no mundo vexetal e habita nos lugares apartados. Ana, consciente dos seus poderes —sobre todo da fascinación e dominio que exerce sobre os homes—, asume as características da deusa: acompáñase dun porco (arremedo da escolta de leóns de Cibebes), ten o poder de predicir e, consciente da proximidade da súa propia morte —ela esmorece ó tempo que o río seca— cumpre co rito de renovación e continuidade e dá a luz a dous xemelgos, dos que sobrevive Damián, bebé que ofrenda a Aurora nunha postrema restitución.

Fernando parte, ó igual có seu irmán —ó que nega—, nunha procura persoal. O seu obxectivo é a figura idealizada do seu pai, desencantado do amor que a súa nai lle escatima en favor dun irmán que, como repite incansable, non o é. Prototipo do antiheroe, negativo de Damián, é o personaxe agonista que loita ata o final, vítima en vida e tamén na morte.

Alas Negras, comentado no derradeiro lugar, é sen dúbida o auténtico protagonista da narración. Omnipresente na obra, as súas manifestacións son suxestións dos personaxes: existe porque se dá por certa a súa existencia, porque condiciona as actuacións de todos, porque determina a súa percepción do real. A cabalo entre o mito e a superstición, espírito anunciado polo canto do merlo e os acordes dunha guitarra, incorpora o elemento sobrenatural: é o responsable da atmosfera de temor que percorre o relato e o envolve cunha calidade incerta, fantasmal, próxima ó pesadelo. A el atribúenselle crimes misteriosos e feitos inexplicables. Deliberadamente ambiguo, a súa esencia muda dependendo da perspectiva da voz narrativa. A posibilidade dunha explicación racional queda aberta para o lector no desenlace do libro; será el quen deba encher a lagoa de indeterminación e decidir se lle adxudica unha identidade concreta a partir dos datos que se lle ofrecen.

O seguinte paso nesta superficial análise é o universo simbólico que tece o fio argumental. Nunha primeira lectura, sorprende a enorme variedade de obxectos e entidades inmateriais que transcenden a súa condición para actuar no plano da significación como detonantes da acción ou o recordo, e adquiren así a categoría de motivos ou, ás veces, de símbolos. Distinguimos, dunha banda, cousas materiais que relacionan os personaxes entre si a pesar do afastamento espacial ou temporal. Neste grupo inclúense un pano de man e un libro de lecturas exemplarizan-

tes. O primeiro efectúa unha conexión entre Manuel e Aurora que afecta ás expectativas da muller e desencadea unha forte reacción emocional. Como resultado, precipita o desenlace trágico ó acelerar o ritmo final. O libro é o factor de comprensión última previo ó destino de Fernando.

Outros obxectos que amplían a súa extensión significativa son, por exemplo, o vello fusil de Manuel, inservible para unha loita obsoleta, en contraste coa escopeta de Fernando, arma de cazador precisa e funcional; a cama de teixo, símbolo do permanente, dos valores que o seu creador considera inmutables ou imperecedeiros, como a madeira dura da que está feita (recordemos que Manuel identifica nas árbores certas características que relaciona con calidades humanas); ou unha chave, que proporciona o acceso ó coñecemento pois abre a porta á revelación.

Mención á parte merecen dous emblemas que preludian/delatan a actuación de Alas Negras. Para iso retomamos algo xa apuntado cando falamos da polifonía de voces na modalización narrativa, isto é, o extraordinario carácter sensorial do texto e, en concreto, musical. Nesta categoría adquiren significado o canto dun merlo e os acordes dunha guitarra, en maior ou menor intensidade percibidos nos momentos de aumento da tensión polos diferentes personaxes. Destes símbolos, un referente real: unha guitarra sen cordas, un bordón inquietante pola súa ausencia.

Os signos sonoros multiplícanse no texto: Cibeles e Damián escoitan unha voz reveladora; Aurora emite un berro arrepiante que é percibido por Manuel e Damián; Fernando experimenta unha sensación de *dejà vu* cando oe a rachadura dunha tea, indicio dunha verdade que non

é quen de recoñecer. Os sons sucédense e configuran unha auténtica banda sonora que lle proporciona ó relato unha carga significativa engadida. Miguel Ángel Otero ofrécenos unha suxestiva simbiose de letra e música, unha pequena epopea, unha gran canción.

Helena Campos
Instituto de Vilalonga
Sanxenxo

